

PROXECTO DERRIBA quiere ser una comunidade singular. Singular porque toma o seus pulos dun aquí e dun agora concretos, malia que sente a necesidade de abrirse a todo aquilo que poida acontecer noutros lugares e contextos. Comunidade acéfala porque se forma polo conxunto de aqueles que comparten a non pertenza, porque a súa obra é a desobra.



Comunidade dixital aberta <http://proxectoderriba.org>

Proxecto Derriba ademais das súas investigacións específicas no eido do pensamento contemporáneo, vinculadas principalmente á filosofía, aos movementos artísticos, *software libre* e *copyleft*, interésase en xeral polos Movementos sociais emancipatorios. A través da súa práctica teórica pretende ser unha malla de redes traballando dende o contexto da Galiza como mediadora entre os diversos contextos e axentes sociais. Considera que as vangardas sempre o son dende un punto de vista experimental, e non cre nas elites culturais nin na xenialidade do creador como xustificación social da desorde. Traballa a prol de, e en función dun dispositivo colectivo e dinámico que desenvolve a súa investigación dentro do social en tódalas súas variantes, devolvéndolle á sociedade o que tirou dela.

De entre tódolos proxectos en fase de funcionamento ofrecemos e presentamos un **obradoiro de lectura** dirixido a un amplo espectro de xente, que pensamos poden ser de interese e que explicamos a continuación:

IDENTIDADE E DIFERENZA NA LITERATURA

Asumindo a problemática que a construción da identidade implica, non só na adolescencia, senón tamén no que respecta aos nosos roles de xénero, sexuais, etc. na continua reestruturación da personalidade que imos facendo ao longo das diversas etapas da nosa vida, cremos que a literatura é un bo camiño para amosar vías diversas de construción da mesma, e todo o que está detrás dela. Por iso propónse un obradoiro de lectura con catro módulos que investigarán de diversos xeitos as influencias presentes na nosa construción da identidade. Exemplos destas achegas son a procura da figura do “dobre”, a construción do xénero, a figura do “outro” ou o papel da diferenza con respecto á identidade. O obradoiro diríxese a todo tipo de público interesado na temática proposta e con quenenza pola lectura. O obradoiro elabóranlo os investigadores/as do colectivo **Proxecto Derriba** tratando de que a precisión técnica non sexa un impedimento para o seu carácter pedagóxico. Asegúrase, así mesmo, a flexibilidade en canto ao nivel de lectura esixido.

OBXECTIVOS:

1. Trazar unha panorámica xeral da influencia de determinadas pasaxes da literatura na comprensión das diversas vías de construción da personalidade.
2. Detectar e prever condutas ideoloxizadas froito da relevancia da figura do “mesmo” ou do “outro” na nosa construción da identidade.
3. Introducirse nas diversas vías de acceso á formación da personalidade seguindo textos de relevantes autores literarios.
4. Debater da man de investigadores cualificados a influencia da figura do “outro”, do “dobre”, do “tolo” ou do xénero nos posicionamentos políticos ou sociais.
5. Favorecer o diálogo entre afeccionados e especialistas en literatura.

CONTIDOS:

Realización de catro módulos que se aproximarán á temática dende catro vías distintas:

1. Á PROCURA DO DOBRE

A finalidade do taller consiste en fomentar a lectura tanto en rapaces coma en adultos; para conseguilo a nosa metodoloxía pasará por tomar un argumento que poida ser recoñecido por tódolos participantes e analizar cales foron as súas orixes históricas e textuais e os motivos polos que xurdiu.

A materia que imos tratar é a figura do dobre. Hoxe en día a figura do dobre ou a dualidade resultan claramente novidosa e actual e a podemos detectar en moi diferentes medios, xa sexa no mundo dos superheroes do cómic, nas ficcións televisivas ou na propia literatura contemporánea.

O noso obxectivo vai consistir en observar como se forxa esta figura historicamente, cales son as diferentes disciplinas coas que se relaciona e a que dilemas intenta dar resposta. Para iso dividimos o taller en tres itinerarios que nos permitiran relacionar a figura do dobre con outros campos. Aínda que os antecedentes da figura do dobre pérdense na literatura oral, limitarémonos á literatura contemporánea.

Itinerario I***O dobre e a dualidade moral; o rexeitamento e a asimilación do mal.***

As lecturas que se farán permitirannos percorrer o camiño que vai dende o rexeitamento e a incompreensión do mal, entendido como un factor externo (por iso a figura do dobre vai facer a súa aparición no xénero fantástico), até a súa comprensión coma un factor da propia individualidade. Ao mesmo tempo estas lecturas darannos pé a analizar os dispositivos disciplinarios que unha sociedade utiliza para normalizar e integrar o distinto.

Lecturas:

- GAUTIER, Theophile, *La muerte enamorada*, Artemisa ediciones, 2006.
- POE, E. A., *Cuatro cuentos. Manuscrito encontrado en una botella. El hombre que se gastó. La caída de la casa usher*. William Wilson, KRK EDICIONES, 2009.
- DOSTOIEVSKI, F., Fragmentos de *Los hermanos Karamazov*, Catedra, 1987 / Alianza Editorial, 2006.

Itinerario II***O dobre e o mundo administrado.***

O desenvolvemento económico e a burocratización dan nunha igualdade formal que deixa sen contido ao individuo. A identidade é un problema, e só se vai manter en función da ollada ou do xuízo do outro. A figura do dobre daranos a clave para entender parte do edificio legal-racional do estado e cales son as consecuencias de tal organización para o singular.

Lecturas:

- DOSTOIEVSKI, F., *El doble*, Formación Alcalá, S.L., 2008.
- KAFKA, F. Fragmentos das súas obras.

Itinerario III***O dobre e o imperio.***

Despois dos itinerarios anteriores temos xa as ferramentas necesarias para entender este terceiro itinerario. Atendendo á constitución que os textos fan do dobre, xa sexa como malvado ou como delincuenta, poderemos entender como se presenta o dobre ou, mellor dito, o outro na literatura. Aínda que o tema é moi amplo nos outros imos concentrarnos en reparar como se lexitima, como se constrúe e se institúe a partir da literatura (e a industria cultural) a lóxica do dominio sobre o outro.

Lecturas:

- CONRAD, J., *EL CORAZÓN DE LAS TINIEBLAS*, CATEDRA, 2005.

Álvaro Otero (Santiago, 1978). Licenciado en Filosofía pola USC (2001). Diploma de Estudos Avanzados en Filosofía (UCM) e en Teoría da literatura e literatura Comparada (USC). Máster en Edición da USC (2005). Profesor de Ensino Secundario da Xunta de Galicia, organizador de ciclos de cine, Mostrás, Editor da revista “Fondazione Casa America” e tradutor de Biblioteca Nueva, onde publicou entre outros traballos a edición completa de “La ciudad del sol” de T. Campanella.

2. ALTERIDADE E CIENCIA FICCIÓN

O taller parte da contraposición clásica entre identidade e diferenza ou entre unidade e multiplicidade, é dicir, entre os pares identidade-unidade e diferenza-multiplicidade. Así, no paradigma da construción da identidade pode haber varias liñas de desenvolvemento:

Itinerario I:

Imperialismo da *racionalitas*

O intento de homoxeneización de todo aquilo que aparece ante os nosos ollos dá lugar á redución da diversidade nun afán desmedido de *comprender* a toda costa.

Se collemos este fío e o aplicamos sobre o material da ciencia-ficción, atopámonos coa descrición da continua expansión da *racionalitas* na procura doutras paraxes nas que despregar as súas tenaces. Así, por este camiño, é o devandito afán de totalidade e cerrazón do sistema o que invariabelmente leva de seu o feito de darse de fociños con todo aquilo insubordinábel á sistemática comprensiva.

Lecturas:

- LEM, S.:
 - *Edén*, Alianza, Madrid, 2005.
 - *El invencible*, Minotauro, Barcelona, 2002.
 - *Solaris*, Minotauro, Barcelona, 2008.

Itinerario II

Totalidade e esvaecemento das diferenzas

O concepto de *totalidade* no que está inmersa toda resolución de antinomias e contradicións -tamén a de identidade e diferenza- dará lugar a un enfoque no que se fusionan as distintas facianas do que se considera propio e do que se considera alleo, do mesmo e do outro, nunha nova concepción que, aínda que positiva, fai desaparecer toda diversidade.

Lecturas:

- EGAN, G.:
 - *El instante Aleph*, Gigamesh, Barcelona, 2000.

Itinerario III**A irrupción da alteridade**

As grandes Ideas con vocación de grandes misións do xénero humano non só poden levar ao fracaso ou fuxir do control daqueles que as fixeron posíbeis , senón que poden ter repercusións vitais alén da intención orixinal dos seus creadores. Por mor delas pódense modificar ou construír novas identidades nun contexto artificial feito *ex professo* para cumprir un obxectivo concreto. Así, unha identidade unitaria formada ao redor de compartir unha idea ou misión, esváese para dar lugar a unha multiplicidade de *outros* sen ningún enlace entre si.

Lecturas:

- ALDISS, B.:
 - *La nave estelar (Non-stop)*. Edhasa, Barcelona.
- ROBINSON, K. S.:
 - *Marte rojo*, Minotauro, Barcelona, 2007.
 - *Marte verde*, Minotauro, Barcelona, 2005.
 - *Marte azul*, Minotauro, Barcelona, 1998.

Abraham Rubín (Ourense, 1978). Licenciado en Filosofía pola USC, é investigador do departamento de filosofía e filosofía moral e política da UNED, onde prepara a súa tese sobre as repercusións políticas do postestruturalismo. Membro do Seminario de Investigación Permanente *Decontra* e da *Universidade Invisíbel*. Publicou os ensaios *Da revolta italiana á potencia da multitude* (Estaleiro editora, 2010) e *Entre postmodernidade e utopía* (no prelo), ademais de numerosos artigos en distintas revistas de pensamento. É colaborador do xornal *Diagonal* e profesor de ensino secundario da Xunta de Galicia.

3. O NON-EU E A TOLEMIA

Ao longo das nosas existencias esforzámonos en facer coherentes e darlle sentido ao tecido de vivencias, percepcións, pensamentos e sentimentos, que sucesivamente vannos pasando, e que por outra parte, somos. A intención é, normalmente, buscar a unidade, atopar un núcleo duradeiro que se manteña firme no marasmo imparabile de ocorrencias que -non sempre de modo racional senón, ás veces, moi ao contrario- artellan as nosas vidas. Identificámonos con nós mesmos; construimos e conformamos un "eu" que se concreta nunha -coidamos- definida personalidade, que ademais responde ás peticións e esixencias do medio social que habitamos, esixencias que asimilamos e acomodamos, facemos en definitiva parte de nós. De tal xeito, inserímonos nunha identidade que se adecúa a un medio social. Mais non sempre as cousas son tan sinxelas. O "eu" pode, de diversos xeitos, alterarse, crebarse, corromperse. A desedificación da propia identidade pode xurdir de auto-cuestionamentos, posturas críticas, desacordos co núcleo fundamental que estrutura a personalidade ou a sociedade. O que se constrúe pode de feito deconstruírse, desmontarse. Un "eu" múltiple, alterno, descoherentizado, un "non-eu". A tales formas de desestruturación da personalidade témoslle chamado, entre outros nomes, loucura, tolemia; unha enfermidade, un malestar profundo que pode destruír(nos) e desfacer(nos). Mais tamén pode, se modificamos a perspectiva, ser o punto de entrada dun novo comezo, doutro xeito de ser, diferente. Navegando por este complexo e amplísimo mundo, e intentando ofrecer por elo, tan só unha pequena perspectiva desta temática, asomámonos á obra do escritor austríaco Thomas Bernhard, cuxos textos poden asomarnos a un mundo cheo de trastornos, interferencias, alteridades que cuestionan e rachan con calquera intento de tomar as cousas con acrítica normalidade. Situacións e personaxes, saídos da contemplación do mundo dende a perspectiva bernhardiana, que, coidamos, poden axudarnos a reflexionar sobre a loucura, para construír unha nova visión dela. Tal será o obxectivo do taller, utilizar a lectura de textos escollidos da obra de Bernhard para pensar e falar tanto dela como da tolemia, ese algo latente en nós que ás veces procura, tamén, saír.

Itinerario I

A loucura en Thomas Bernhard

- A pretendida forma da tolemia. Como se chega á loucura.
- A loucura inserida nun humano. A figura do tolo.
- Mundo urbano e mundo natural: a influencia do medio no trastorno -de identidade.
- Obsesión, alucinación, tenebrosidade, crime, descomposición -física, mental, de existencias ou de legados.
- O tolo no marco social e político.

Lecturas:

- BERNHARD, T.:
 - *Trastorno*, Alfaguara, Madrid, 1999.
 - *Sí*, Anagrama, Barcelona, 1989.
 - *El sobrino de Wittgenstein*, Anagrama, Barcelona, 1999.
 - *El malogrado*, Alfaguara, Madrid, 2007.
 - *El ignorante y el demente*, Hiru, Hondarribia, 2003.

Itinerario II

Tipoloxía e formas da loucura en Bernhard

-Xenialidade: a brecha entre a sabedoría total e a loucura definitiva.

-A enfermidade fronte a saúde. A necesidade de conformar outro mundo.

-Normalidade contra diferenza. Liberdade contra convencionalidade. Reclusión contra cotidianidade.

Lecturas:

- BERNHARD, T.:
 - *Trastorno*
 - *Sí*
 - *El sobrino de Wittgenstein*
 - *El malogrado*
 - *El ignorante y el demente*

Brais González Arribas (Ourense, 1980). Licenciado en filosofía pola USC. Ten estudos de Psicoloxía. Profesor titular de Filosofía e Antropoloxía no IES *Ribeiro* de Ribadavia (Ourense). Publicou o ensaio *Outro xeito de ser* (Estaleiro editora, 2010).

4. IN-CORPORACIÓNS: XÉNERO E DESEXO

Nesta sesión o diferencial *identidade* concretarase nas identificacións de xénero no ámbito da escritura feminina. Partindo dos traballos das recentes teóricas feministas que poñen en cuestión a distinción sexo/xénero, concentrarémonos no modo no que un suxeito se recoñece -ou se rexeita- como *muller* e, máis especificamente, no xeito en que a escritura pode funcionar como lugar de resistencia, e mesmo de impugnación, ás identidades sexuais e ao desexo a elas adscrito. Convídase para elo á lectura de varios textos procedentes de xéneros e linguas diversas pero que tentan -aínda que poñendo en xogo estratexias diferenciadas- reescribir as relacións entre corpo, feminidade e desexo:

Itinerario I**A escritura do desexo na poesía galega actual**

- Re-territorializacións do feminino: corpo e natureza en Olga Novo.
- Ambigüidade xenérica e desdobramento en Yolanda Castaño.
- Des-identificacións e máquinas textuais en Chus Pato.

Lecturas:

- NOVO, O.:
 - *Nós nus*, Xerais, Vigo, 2003.
- CASTAÑO, Y.:
 - *Vivimos no ciclo das erofanías*, A Coruña, Espiral Maior, 1998.
- PATO, Ch.:
 - *Charenton*, Santiago, Xerais, 2003.

Itinerario II.**Dar corpo ao innomeado: destrución do organismo e utopía en Monique Wittig**

Lecturas:

- WITTIG, M.:
 - *El cuerpo lesbiano*. Valencia, Pre-textos, 1997.

Itinerario III

Límites do desexo: a violación como pantasma na produción da subxectividade feminina en “Los trajes peligrosos” de Silvina Ocampo.

Lecturas:

- OCAMPO, S.:
 - “Los trajes peligrosos” en *Antología esencial*, La nación, Buenos Aires, 2001.

Beatriz Blanco (Ferrol, 1980) Licenciada en filosofía pola USC. Investigadora do departamento de filosofía da UNED onde ultima a súa tese sobre *Glas*, de Jacques Derrida: “La escritura del absoluto”. Membro do grupo de investigación *Deconstrucción* (UNED), do seminario de investigación permanente *Decontra*. Profesora de ensino secundario da Xunta de Galicia. Ten publicados diversos artigos en diferentes revistas e realizado estancias de investigación en París e Los Ángeles (California).

METODOLOXÍA XERAL:

Un obradoiro que fale dun xeito crítico da identidade, dos seus desfalecementos ou dos seus riscos ten que estar atento á cuestión do método. O noso enfoque aposta pola diversificación e a pluralidade como estratexia xeral para achegarse aos textos, atendendo á idiosincrasia dos participantes. Partimos da necesidade de pensar explicitamente os supostos dende os que se le, posto que no feito mesmo da lectura hai xa procesos tanto de identificación como identitarios implicados. Deste xeito o obradoiro concíbese como un mecanismo de retroalimentación, un proceso dinámico de aprendizaxe aberto á participación que intenta fuxir dos roles xerárquicos. O obradoiro combina a lectura dos textos con exposicións máis teóricas que sirvan como propedéutica á lectura dos textos e que proporcionen ferramentas para unha lectura creativa.

TEMPORALIZACIÓN:**6 de abril de 2010****1ª sesión (90'-120')**

18:00h

Presentación do Obradoiro

18:15h

Desenvolvemento Módulo 1

Gautier, T. *La muerte enamorada*.Poe, E. A., *William Willson*.Dostoievski, F., Fragmentos de *Los hermanos Karamazov*.**7 de abril de 2010****2ª sesión. (90'-120')**

18:00h

Desenvolvemento Módulo 1

Dostoievski, F., *El doble*.

Kafka, F. Fragmentos das súas obras.

8 de abril de 2010**3ª sesión. (90'-120')**

18:00h

Desenvolvemento Módulo 1

Conrad, J., *El corazón de las tinieblas*.

4ª sesión. (90'-120')

Desenvolvemento Módulo 2

Fragmentos de

Lem, Stanislav: *Edén.*

El invencible.

Solaris.

14 de abril de 2010**5ª sesión. (90'-120')**

Desenvolvemento Módulo 2

Fragmentos de

Egan, Greg: *El instante Aleph.*

15 de abril de 2010**6ª sesión. (90'-120')**

Desenvolvemento Módulo 2

Fragmentos de

Aldiss, Brian: *La nave estelar (Non-stop).*

Robinson, Kim Stanley: *Marte rojo.*

Marte verde.

Marte azul.

7ª sesión. (90'-120')

Desenvolvemento Módulo 3

T. Bernhard: *Sí.*

El sobrino de Wittgenstein.

22 de abril de 2010**8ª sesión. (90'-120')**

Desenvolvemento Módulo 3

T. Bernhard: *Trastorno.*

El malogrado.

El ignorante y el demente.

27 de abril de 2010**9ª sesión. (90'-120')**

Desenvolvemento Módulo 4

Novo, Olga. *Nós nus.*

Castaño, Yolanda. *Vivimos no ciclo das erofanías.*

Pato, Chus. *Charenton.*

28 de abril de 2010**10ª sesión. (90'-120')**

Desenvolvemento Módulo 4

Wittig, Monique. El cuerpo lesbiano.



29 de abril de 2010

OBRADOIRO DE LECTURA

11ª sesión. (90'-120')

Desenvolvemento Módulo 4

Ocampo, Silvina. "Los trajes peligrosos".

CONTACTO:

info@proxectoderriba.org

tf: 649 269 110

A Asociación Cultural *Proxecto Derriba* asegura que tódolos seus ingresos van dirixidos ao mantemento das súas actividades, excluindo calquera tipo de lucro persoal de ningún dos seus membros. Para demostralo está disposta, se é preciso, a mostrar convenientemente as facturas que así o acrediten.